



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a once de agosto de dous mil vinte e tres.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 31 de xullo de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria de data 31 de xullo de 2023, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Expediente de aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ordes (**Expdte. 2022/U031/000001**).

Vistas as deficiencias detectadas no documento aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello, de data 23/02/2023, pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) de conformidade co disposto nos arts. 60.16, 61.1 e 83.5 da LSG (Orde de data 27/06/2023).

Vistos os informes dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto á integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas e a conformidade do plan coa lexislación vixente (art. 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro - LSG).

Visto o ditame, de data 08/08/2023, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Visto o disposto no art. 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

Visto o disposto na Disposición transitoria segunda. Punto 2º. Lei 2/2016, de 10 de febreiro (LSG).

Visto o disposto no art. 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro (LSG).

Con carácter previo á aprobación do debate, intervén en representación do municipal a Sra. Soneira Liñares, que sinala que o Pleno do 23 de febreiro de 2023 abprobaron provisionalmente o PXOM de Ordes como paso previo á súa aprobación definitiva e entrada en vigor, previos todos e cada un dos trámites administrativos correspondentes. A vontade municipal quedou plasmada nese documento sometido á aprobación do Pleno, no que se obtiveron 12 votos favorables, aínda que a competencia para a aprobación definitiva non lle corresponde a este se non á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, tal e como recolle a lexislación vixente. Así, logo desta aprobación provisional, o documento do PXOM foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda, con data 03/03/2023 (con subsanacións posteriores de data 22/03, 23/03 e 04/04) para que se pronunciase ao respecto da aprobación definitiva. De cara a resolver sobre a aprobación definitiva do PXOM, a Consellería, ademais de analizar a suficiencia e coherencia documental do expediente, analiza as cuestións de competencia supramunicipal, como por exemplo o aliñamento do documento coa lexislación vixente e coas Directrices de Ordenación do Territorio, ou sobre outras materias de competencia autonómica. Logo de realizados estes análises a Consellería emitiu a Orde do 27 de xuño de 2023, na que se acordaba non outorgar aprobación definitiva ao PXOM de Ordes, en base a unha serie de cuestións que deberían ser introducidas no documento, o cal deberá ser sometido novamente a aprobación plenaria, previa remisión de novo á Consellería para a súa aprobación definitiva. As cuestións recollidas supoñen unha orde da Consellería (con efectos normativos) e polo tanto poderán ser modificadas ou xustificadas, pero en ningún caso cuestionadas. A Orde, como non podía ser doutra maneira, é moi minuciosa na análise do PXOM de Ordes, de cara a diminuír o alcance dos erros que se puideran producir, e obriga a solventar as incongruencias que puideran existir coa lexislación vixente, e entre as diferentes partes dun documento de tal extensión e complexidade. A pesar de todo, o alcance da Orde, aínda que moi extenso pola elevada minuciosidade coa que foi redactada, non pon en cuestión o PXOM de Ordes, nin nas xeneralidades nin nas particularidades, sendo posible dar cumprimento a ORDE con



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

modificacións de pequeno alcance como a continuación imos expoñer. En primeiro lugar, respecto do expediente administrativo indica que é necesario introducir cambios normativos motivados polo informe da Consellería de Medio Rural en materia de Montes, polo informe do Estudo de Estudos do Territorio, e polo informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Ademais, de cara a afianzar a seguridade xurídica do documento, a propia Consellería solicitou un novo informe á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, posto que o incorporado ao expediente no seu día tiña un elevado número de condicionantes á resolución favorable. O resultado dese novo informe foi a obriga de catalogación de máis hórreos tradicionais, en total 66 que se incorporaron ao documento. Xa na análise do propio PXOM a Orde cuestiónase a capacidade residencial do documento, no que se refire ao solo urbanizable e solo de núcleo rural. Aínda que os solos urbanizables, dende o punto de vista da autonomía municipal se atopaban plenamente xustificadas, en base ás necesidades de remate da trama urbana, perfectamente expostas no documento para cada un dos ámbitos, e tendo en conta o indicado na Orde, ao respecto da capacidade residencial excesiva do PXOM, procedeuse a reducir o número destes, eliminando o S-02 e o S-14, por consideralos menos prioritarios que os restantes, e non ter ningunha vinculación directa coas NNSS vixentes. Tamén resulta cuestionada na Orde a capacidade dos solos urbanizables para acoller usos terciarios comerciais, o que levou a eliminar o sector S-10, afectado este ademais por afeccións sectoriais de augas e de protección de espazos naturais, e tamén sendo un sector este totalmente inconexo coa trama urbana. Por último o desenvolvemento do sector S-11 (polígono industrial de Pardiñas) polo seu tamaño de clara incidencia supramunicipal, condiciónase no seu desenvolvemento á inclusión no Plan Sectorial de Ordenación de áreas Empresariais de Galicia. Respecto da capacidade residencial dos núcleos rurais propón acometer recortes nas delimitacións en función do disposto noutro apartado da Orde no que aparecen desglosados os que incumpren certas directrices de criterios marcados polas Directrices de Ordenación do Territorio. Outro apartado da Orde, refírese ás dotacións de carácter xeral previstas polo PXOM. Estas dotacións segundo a lexislación do solo vixente, serán proporcionais á capacidade máxima residencial prevista no PXOM. A Orde indica que deberá revisarse o cálculo da capacidade máxima prevista no PXOM, pois aprecia erros de cálculo, e en base a estes novos cálculos, entende insuficiente a nova dotación prevista de zonas verdes. Revisados os cálculos apreciáronse certos erros, motivo polo cal aumentouse a dotación de zonas verdes, en concreto ampliando a superficie prevista na 1ª aprobación provisional ao longo do río Mercurín en arredor de 18.000 m². Respecto da clasificación, a Orde dá por boa toda a clasificación do solo urbano, tanto consolidado como non consolidado, así como as súas determinacións tanto de edificabilidade como de alturas e fondos edificables. A única salvedade prodúcese nos terreos lindeiros coa travesía dos Lagartos, que deberán pasar de solo urbano consolidado a non consolidado, por carecer dunha urbanización básica. Falamos do tramo que comunica Prolongación dos Lagartos con Rúa Paraíso (onde estaba a librería Artes e Xogos). A Orde indica que é necesario actualizar os planos de servizos urbanísticos no solo urbano. Respecto da clasificación do solo urbanizable, a salvo da cuestión da excesiva capacidade residencial que, como xa indicamos, foi abordada coa eliminación de tres sectores (S-02, S-14 e S-10), o resto a Orde tamén os dá por bos, tanto no que respecta ás súas determinacións, extensión e edificabilidade. Tamén ao respecto dos solos urbanos e urbanizables, a Orde emitida indica que será necesario xustificar o equilibrio entre beneficios e cargas derivadas da urbanización, cuestión que se incorpora ao novo documento que hoxe traemos a Pleno. No referente aos núcleos rurais compre indicar que tan so se esixe redución da superficie clasificada en 59. Adáptase tamén os perímetros. E en 83 é necesario cambiar a categorización do solo de núcleo rural, de Común a Tradicional, o que modifica a consolidación pola edificación (pasa de 1/3 a 1/2), o que leva, en algún caso a realizar pequenos axustes no perímetro. O resultado xeral de cambio de Común a Tradicional supón pequenos axustes. A súa vez faise preciso recalcular a consolidación pola edificación en varios núcleos no que a Orde detecta defectos de cálculo ou de criterio, asociados á consideración de parcelas consolidadas con edificacións incompatibles cos usos no solo de núcleo rural. Por último, no solo rústico resultou necesario, segundo a Orde: Modificar o solo rústico de protección de infraestruturas vinculado ao aeroporto de Santiago e ás liñas eléctricas, axustándoo ao disposto no Plan Básico Autonómico. Modificar o solo rústico de protección de augas para



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

recoller a protección dos regatos no límite co Concello de Ordes, así como a lámina de auga dos encoros de Vilasenín e Vilagudín. Modificar o solo rústico de protección agropecuaria para recoller a totalidade dos solos sometidos a concentración parcelaria, aínda que esta clasificación se superpoña ao solo rústico de protección forestal xa recollido no PXOM. Modificar o solo rústico de protección forestal vinculado ao monte en man común Inxerio, para adaptar a súa delimitación ao Plan Básico Autonómico. Ademais destas cuestións fundamentais foi necesario introducir modificación na normativa do PXOM para actualizala con respecto á normativa sectorial vixente, e para axustar incongruencias entre diferentes partes do documento e deste coa lexislación vixente; e na estratexia de actuación, no estudo económico e na memoria de sustentabilidade, para corrixir erros, coordinar o contido final co resto do documento e incorporar as cuestións relacionadas cos restantes apartados da Orde emitida. As cifras derivadas destas modificacións son as seguintes: As zonas verdes programadas pasan de 258.485 m² a 275.995 m², aumentando un 6%. O solo urbano mantén a súa clasificación e ordenación; agás o caso de Prol. Lagartos a rúa Paraíso. O solo urbano non consolidado aumenta en consecuencia un 1,30 %. O solo urbanizable diminúe un 7,85 %. O solo de núcleo rural diminúe na súa superficie total (núcleo común e núcleo tradicional) tan so un 6,10 %; e sigue sendo un 11,15% superior ao das NNSS vixentes. Á vista destas cifras, resulta claro que, contrariamente ao que transcendeu nos medios de comunicación, a Xunta de Galicia non tumba o PXOM de Ordes, pois este, nas súas determinacións básicas segue a manterse nos termos da anterior aprobación provisional, con pequenas modificacións acoutadas a determinados ámbitos, sen que ningunha delas poida considerarse de especial relevancia no conxunto do termo municipal. En consecuencia, queda acreditado o acerto do goberno local no pasado mes de febreiro, de someter o documento a aprobación provisional unha vez tiña obtido todos os informes sectoriais, como se fixo sempre, coa maior dilixencia posible; para poñelo a consideración da DX de Urbanismo da Xunta de Galicia. Pois a data presente, podemos asegurar con case total certeza -sen equivocarnos- que Ordes terá o plan xeral aprobado definitivamente e publicado coa entrada en vigor antes do remate do ano 2023. Un avance moi necesario para o conxunto do concello, lograr aprobar un PXOM adaptado a Lei 2/2016, e que sen dúbida marcará os próximos 20 anos do municipio. Todo isto será posible grazas a labor do equipo redactor, dos técnicos habilitados nacionais municipais, da arquitecta municipal, e de todos os que colaboraron e puxeron o maior dos empeños en lograr este obxectivo. Pero tamén, por suposto, de un equipo de goberno que chegou a alcaldía en xullo do 2015 co firme compromiso de traballar sen descanso para acadar esta meta, e aínda que ben seguro a todos nos gustaría que se puidese lograr antes, a nos os primeiros, o obxectivo está agora mais preto que nunca, e a apoiálo convocamos a corporación hoxe aquí presente. Foron dúcias de reunións e negociacións en diferentes organismos, múltiples xuntanzas co equipo redactor, moito tempo escoitando aos veciños que trasladaron as súas peticións nas alegacións ou en encontros nos despachos ou na propia rúa. O resultado de toda esa labor é o documento que hoxe se somete a 2ª aprobación provisional, para o cal, como ben saben, se precisa do voto favorable da maioría absoluta do pleno municipal. Este grupo de goberno do PP ten clara a súa aposta por crear un Ordes con mais oportunidades a nivel de servizos, emprego e dotacións públicas; para que sexa posible seguir avanzando o noso voto vai ser favorable a esta nova aprobación provisional, a cal xa ten garantido prosperar grazas ao apoio que nos outorgaron mais do 53% dos veciños o pasado 28 de maio.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que creen que é fundamental e urxente a aprobación do PXOM, aínda que non están totalmente de acordo con este documento seu, non van a votar en contra. O que si lle di é que lles estraña moitísimo que en catorce follas se enumeren todos os erros que se cometeron e que non houbera esa previsión, por exemplo, aplicación de normativa obsoleta, por que aparece a normativa que non ten que usarse, clasificación de solo urbano que é solo urbano non consolidado por que carece dos servizos básicos, excesiva clasificación de solo urbano, núcleos rurais sen delimitar e mal clasificados, sen diferenciar entre os comúns e os de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

protección patrimonial, falta de consideración da protección do noso patrimonio, e así poderían seguir. Isto a sensación que lles da é que vostedes plantexaron o seu PXOM e o quixeron enviar para a aprobación definitiva antes das eleccións. Unha medida con fins electoralista, o que fai que sexa pouco serio e irresponsable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no escaso tempo do que dispuxeron para analizar un documento tan extenso como é o PXOM antes da Comisión Informativa do martes e do Pleno de hoxe. Aínda sen poder telo revisado completamente detectaron os seguintes cambios con respecto ao documento aprobado provisionalmente no mes de febreiro de 2023. En total cen núcleos rurais no conxunto do concello viron afectada a súa delimitación de xeito que quedaron fora da súa clasificación como núcleo rural pasando a solo rústico 271 parcelas, redúcese os núcleo delimitados en 233 parcelas, é dicir recortouse a proporción de terreo delimitado como núcleo rural que pasa a rústico, aumentáronse os núcleos delimitados noutras 26 parcelas, delimitáronse dentro do núcleo rural 2 novas parcelas que antes non estaban. No tocante ao ámbito urbano, elimináronse os solos urbanizables S-10, S-02 e S-15. No S-11 que é o futuro polígono de Pardiñas condiciónase o seu desenvolvemento a que sexa declarado de interese autonómico nun plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia. Nova delimitación como solo urbano non consolidado nas inmediación da travesía da rúa dos Lagartos e redución da capacidade residencial en varios solos urbanizables, co cal resultará inviable economicamente o seu desenvolvemento. Se a xente despois non vai a poder vender para construír vivendas e sacar un réditto económico non se vai a por a desenvolver un ámbito urbanizable. Houbo que incrementar, como consecuencia dese mal cálculo inicial, en 18.000 m² as zonas verdes e incorporouse ao catálogo de patrimonio 66 hórreos. Atopáronse por outra banda, reitera que sen poder revisar o documento en profundidade polo escaso tempo do que dispuxeron, duplicidades nos planos de núcleo rural que xa trasladaron polo BNG na Comisión Informativa, e ven que tiveron a ben corrixir antes do pleno. Incongruencias na xustificación da suficiencia das instalacións de captación, tratamento e distribución de auga potable e saneamento de residuais que obrigou a Orde a facer. Se analizan a memoria informativa do PXOM dise claramente que a EDAR de Ordes que ten unha capacidade de 6.500 habitantes e está na actualidade dando servizo a máis de 7.059 habitantes, está sobrepasada a súa capacidade en 559 habitantes. Por outra banda, incorpórase un informe da empresa concesionaria do servizo elaborado por Espina y Delfin que fala da execución de futuras instalacións indicando que non está prevista a execución de novas instalacións, vista a demanda de saneamento reflexada no S-05, no solo urbano non consolidado 29 e 14 de Ordes se conclúe a suficiencia para o servizo demandado en función das instalacións de saneamento e depuración de augas residuais existentes no concello de Ordes. Quen lle explica isto, é unha incongruencia total, se por un lado dicimos que a EDAR está sobrepasada e por outro lado se xustifica que é posible desenvolver eses sectores S-05, S-14 e S-29 de solo urbano non consolidado. Non o entende. Erros en índices, follas duplicadas, erros nas fichas dos ámbitos de planeamento incorporado, isto parécelle grave. O plan sectorial PS-01, clasificación do solo, solo urbano, categoría non consolidado, figura de ordenamento: Plan especial de reforma interior da UE-13 no é o PS-01 que corresponde a Macoga. Na análise da maia urbana fálase dun suposto esforzo inversor do concello para que o solo urbano contara con todos os servizos, que está moi ben, pero a mágoa é que dito esforzo non chegara ao Mesón do Vento, para evitar condenar parte do casco urbano do solo non consolidado por non dispor das redes de abastecemento e saneamento.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións:

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que pide que se explique por que se manda documentación que está incompleta ou como acaba de dicir o compañeiro se delimitan zonas urbanas que non teñen os servizos. Cree que o que quixeron é



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

sacar o PXOM a correr e adiante sen ningunha consideración das necesidades reais dos veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste procedemento o BNG o que ve é unha falta de transparencia municipal cara a veciñanza. O 27 de xuño emitíuse a Orde sobre aprobación definitiva do PXOM de Ordes non outorgando aprobación definitiva ante a existencia de erros, duplicidades e demais. Orde da que non informaron á veciñanza e da que non se sabía nada ata que o BNG demandou ter coñecemento e acceso á mesma. Xa o dixeron naquel entón no pleno de aprobación provisional. Vemos unha estratexia do goberno municipal, aprobar provisionalmente en febreiro, sendo sabedores de que se dispoñía de catro meses para que chegase esta Orde da consellería, despois das eleccións municipais. O tempo acaboulles dando a razóns. Agora vemos outra estratexia distinta. Agora ven a presa, hai que sacalo rapidamente, o máis axiña que se poida e deixar pasar tres anos a ve si os cabreos da xente se van esquecendo. Sempre os acusa de ser os do non. Non é así. Non contan con eles para nada. Se se presentan uns orzamentos municipais e non se ten en conta o que di o BNG, non se reúnen previamente. Darán o seu punto de vista e votarán en consecuencia. A situación en 2016 era distinta, presentáronse unha serie de condicións, mantivéronse unha serie de reunións co equipo redactor, con toda a corporación, botáronse horas e horas en comisións sen cobrar unha asistencia. Vendo esa actitude votaron a favor, a partir do 2019 esa actitude cambiou. Non se volveu a contar cos grupos da oposición municipal. O senten moito pero no dan cheques en branco, non poden votar favorablemente a un documento co que non se conta en absoluto con eles, a pesar de que sempre que os convocaron aportaron, así o fixeron na última comisión informativa indicando as duplicidades que había nos planos de núcleo rural. Votarán en consecuencia tamén esta vez, unha abstención. Non saben se este documento, sen ter unha análise completo do mesmo, seguen a detectar erros, incongruencias e duplicidades, se esa aprobación definitiva vai a ser outorgada. Neste caso como non se conta con eles, non se lles deixa participar en nada, nesta ocasión o seu voto vai a ser a abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o discurso é moi repetitivo, mo pouco importan os intereses da veciñanza de Ordes e o futuro de Ordes. O primeiro que hai que manifestar é que a única posibilidade que hai de aprobar un PXOM é co voto da maioría absoluta do pleno desta corporación. Sente dicirlllo así de claro ao Sr. Vidal Ríos, pero no ano 2016 non tivera votado a favo da aprobación inicial do PXOM se non lle tivesen dado unha orde dende a fora, por que con vostede era totalmente imposible negociar. Houbo que facelo con outra xente para que esa situación nese momento se puidese desbloquear. Isto é triste e os veciños o teñen tamén que saber. Cando queira falamos diso. Ao final houbo que falar con outras persoas, os seus compañeiros o saben perfectamente, para que vostedes deran un voto favorable e non se perdera tanto tempo. Xa sabe que a vostede lle da todo igual, esa é a maneira que ten vostede de actuar neste goberno. Nesta corporación xa é vostede unha persoa veterana e a realidade é esa. Escoitando como fala, como comenta determinadas cuestións hai que dicirllle as cousas á cara. Dicir alto é claro que vostede no ano 2016 non quería que se aprobase este PXOM. Vostede estaría moi orgulloso que viñese unha orde da Xunta de Galicia que dixese que había que iniciar unha nova tramitación do PXOM de Ordes. Non sabe se ten ou non tempo para analizar a documentación, pero el non ten tempo para publicar a súa vida nas redes sociais. Vostede si o fai e despois non ten tempo de analizar o documento. Vostede mesmo se contradí e actúa dunha maneira contraria ao que debería ser unha responsabilidade como ten a día de hoxe como concelleiro desta corporación. Sempre se lle entrega toda a documentación en tempo e forma e cumprindo todos os prazos. Fala de transparencia, de que non se conta con vostedes e despois a vostede e aos seus compañeiros cando lles facemos algún tipo de comparativa con outro concello, como é o de Carballo, do que tanto presumen dóelles. O concello de Carballo aprobou provisionalmente o PXOM en 02/02/2015, sabe cando foron as eleccións no 2015, o 24 de maio. Nese momento no concello de Carballo tamén tiñan un interese para a súa aprobación inicial tres meses antes. E despois non o conseguiu aprobar provisionalmente de segundas ata o 18/11/2015. Quere saber cando asinaron o contrato 26/07/2005, traballando sobre un documento que foi anulado por unha sentenza do TS. Non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

veñan a dar leccións por que tamén fan os deberes, analizan as datas e as situacións. As cifras están aí, dende a aprobación definitiva no ano 2016 pasaron máis de once anos. So se fixeron reunións coa corporación para resolver alegacións, inicio 03/07/2013 e rematouse 20/11/2013. Resolvéronse 1939 alegacións, estimadas 546, parcialmente 481 e desfavorables 912. Foi par o único que contaron vostedes coa corporación para ese momento. Tiveron que na segunda aprobación provisional axustar todas e cada unha desas alegacións. A consecuencia dese plan presentado apresuradamente antes das eleccións. Superficie bruta 18,5 millóns de m², superficie final bruta 14,40 millóns m², unha perda do 28,50 %. Superficie neta 5,5 millóns de m², superficie final neta 4,64 millóns de m², perda do 18,50 %. Número de vivendas previstas no documento aprobado provisionalmente perda de 6.500, 21,92 %. Que se veña a falar de transparencia cando nese concello nin se notificou de maneira individualizada a resolución das alegacións aos veciños, cousa que aquí se fixo no mes de setembro. E despois que se lle fale de estratexia cando nun concello no que levan gobernando tantos anos, e fixeron a aprobación provisional e definitiva nunha situación practicamente idéntica á de aquí, é o oportunismo político que demostran vostedes. É o primeiro que defende que esa corporación tiña a intención de sacar adiante ese plan xeral o máis axiña posible despois da sentenza do TS. Ós únicos que fan cálculos electorais é a xente que está na oposición, os que estamos no goberno temos que ser valentes e trasladar a quen corresponda traballar no documento para a aprobación definitiva canto antes. Para iso mantivéronse numerosas reunións para sacar adiante 19 informes sectoriais, houbo numerosas reunións co equipo redactor, non vamos a levar a elas á oposición por que non o fai ningún concello, non é necesario. Parécelle correcto que se saque unha nota de prensa dunha Orde que é pública e todo o mundo a pode consultar. É o equipo redactor quen se ten que xuntar cos técnicos da Xunta de Galicia para darlle forma. Vostede nin é non pintamos nada niso. A día de hoxe hai en Galicia en tramitación 147 PXOM, todos eles iniciados con anterioridade ao ano 2010, sabe cantos conseguiron a aprobación inicial antes de marzo de 2016 dezaioito, cantos están aprobados definitivamente a día de hoxe ningún. En Galicia hai 118 concellos cun PXOM, con moitas probabilidades Ordes será o 119. Seremos o primeiro concello que acadando a aprobación inicial antes da entrada en vigor da Lei 2/2016, de 10 de febreiro consigamos a aprobación definitiva dun documento plenamente adaptado á mesma gracias a un goberno do PP. Sen o apoio, por que a abstención equivale a votar non, do BNG e témesese tamén do PSOE. Hai que ser conscientes e ver os resultados das eleccións municipais e darse conta que a día de hoxe aquí hai que sacar un proxecto para o mellor do noso municipio, non van a estar condicionados polas prebendas que nos poidan traer aquí neste no POS, nos orzamentos ou calquera outro asunto. Vostedes propoñan e atenderán aquelas propostas que consideren xustas, necesarias. Non van a impor aquí cal é a liña e traballo ou de goberno por moito que digan que non van a dar un cheque en branco. Están no seu dereito de votar o que queiran. Pero vostedes van en contra dos intereses deste municipio, son o partido do non, digan o que queiran e o van a seguir sendo, e lamentablemente parece que o PSOE tamén se vai a sumar a este partido do non, da a sensación de que de un tempo a esta parte se está a radicalizar neste municipio, é unha pena.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que lle esta chamando radical, por suposto. Se ser radical é non pensar como vostede. Está aquí para falar do concello de Ordes, non para escoitar Coruña, Carballo. Entende que vostedes o fan coa mellor idea para o pobo, pero eles poden pensar diferente.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle advirte que ten unha chamada a orde. Sinala que ademais do radicalismo o que demostra é una falta de respecto total ás institucións municipais. Colle o uso da palabra nun ton totalmente agresivo e sen control o que demostra unha total falta de credibilidade que debe ter un representante institucional deste concello. Unha falta de respecto moi grande a que ten vostede con esta corporación. É urxente aprobar este plan, é urxente a súa remisión para conseguir a aprobación definitiva. Non ten ningún tipo de dúbida de que o equipo redactor traballou coa mellor das intencións en todo momento. As reunións sempre foron positivas en beneficio do noso municipio. A xente que nalgún momento formou parte do PSOE si sumou cousas positivas a este documento do PXOM. Quen está neste momento está claro que non está disposto a facelo, é máis que evidente neste día. Que o BNG é e seguirá



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

sendo o partido do non, non van a conseguir nada novo por parte dos seus representantes municipais actuais e a día de hoxe o que máis importa e que o PXOM se poida remitir á Xunta de Galicia. Que con esta segunda aprobación provisional se consiga a aprobación definitiva. Que ese compromiso que temos ante a veciñanza de Ordes, que é o máis importante, se poida levar a cabo e academos de unha vez por todas esa aprobación definitiva para por en orde o noso territorio, desenvolve-lo e traballar para que deste PXOM se poidan sacar moitos froitos positivos en materia de servizos, equipamento e emprego.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (4 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ordes, sometendo este, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que haxa de outorgar a aprobación definitiva (art. 61.1 LSG).

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias